

**A DEREITA RADICAL
POPULISTA E A INTEGRACIÓN
EUROPEA: ANÁLISE
COMPARATIVA DOS VÍNCULOS
ENTRE PARTIDOS E
VOTANTES**

Margarita Gómez-Reino

UNED, Madrid

Iván Llamazares

Universidad de Salamanca

En diversas análises comparativas tense sinalado o importante papel que desempeñan os partidos radicais populistas na politización das orientacións cara á UE; a este respecto, son os partidos da dereita radical populista os que adoptaron as posicións máis euroescépticas desde o decenio de 1990 (Marks *et al.* 2002), contribuíron á creación dunha asociación entre os temores nacionalistas e as identidades excluíntes, por unha banda, e as orientacións negativas cara á UE, pola outra (De Vries e Edwards 2009), e enviáronlles aos seus votantes os sinais máis potentes no que á UE se refire (Steenbergen *et al.* 2007). Así mesmo, nunha serie de análises comparativas recentes relativas á estrutura dos conflitos políticos existentes en Europa púxose de manifesto que os partidos da dereita radical populista poden resultar cruciais na activación dunha dimensión nova da contestación política, que deriva nun enfrontamento entre os defensores e os detractores da globalización (Kriesi *et al.* 2008).

Porén, malia as probas que apuntan ao papel que desempeñan os partidos da dereita radical populista na politización das cuestións relativas á integración europea, aínda non dispoñemos de análises empíricas comparativas referidas ao posto que ocupa a integración europea nos vínculos que existen entre os partidos radicais populistas e os seus votantes. A ese respecto, neste artigo pretendemos encher ese oco e elaborar unha análise comparativa dos vínculos xerados entre os ditos partidos e os seus votantes en once países europeos, para o cal estudamos aquí ata que punto uns e outros formalizaron vínculos programáticos discernibles no tocante á integración europea, feito que pode resultar crucial na redefinición dos conflitos políticos e na competencia entre partidos en Europa. En última instancia, este exame comparativo dos partidos da dereita radical populista pode deitar luz sobre as oportunidades e as limitacións que teñen por diante á hora de redefinir a súa axenda política e ver aumentado o seu apoio electoral. Na nosa análise recorreremos a datos tirados da Enquisa Social Europea

de 2008 (ESS-4 2008)¹ e da base de datos de expertos da UNC-Chapel Hill no referido a partidos políticos e integración europea (CHES)², e incluímos todos os países comprendidos na rolda de 2008 da ESS nos que se identificou algún partido importante que fose caracterizado como pertencente á familia de partidos da dereita radical na base de datos da UNC-Chapel Hill, a saber: Francia, Dinamarca, os Países Baixos, Bélxica, Grecia, Finlandia, Letonia, Bulgaria, Romanía, Polonia e Eslovaquia. Os partidos que a antedita base de datos de expertos etiqueta como da dereita radical son o Vlaams Belang flamengo (VB), a Fronte Nacional francesa (FN), o Dansk Folkparti danés (DF), o Partij voor de Vrijheid holandés (PVV), o Laïkós Orthódoxos Synagermós grego (LAOS), o Perussuomalaiset finés (TF), o Prawo i Sprawiedliwość polaco (PiS), o Partidul România Mare romanés (PRM), o Slovenská národná strana eslovaco (SNS), o Tēvzemei un Brīvībai/Latvijas Nacionālās Neatkarības Kustība letón (TB-LNNK) e o Nacionalno Obedinienie Ataka búlgaro (NOA). Todos estes partidos, alén de se situaren á dereita na dimensión xeral esquerda-dereita e seren TAN na nova política no referido á dimensión GAL-TAN, siglas inglesas de «verdes-alternativos-libertarios/tradicionais-autoritarios-nacionalistas» (preguntas 10 e 12 da base de datos da UNC-Chapel Hill), defenden unha postura nacionalista extrema, con valores de 8 ou máis na pregunta 31, nunha escala que vai de 0 a 10. Cunha única excepción —a do polaco PiS—, todos os ditos partidos son favorables a unha política contraria á inmigración en extremo dura, con valores iguais ou superiores a 8 na pregunta 25 nunha escala que vai de 0 a 10. Por último, agás os Verdadeiros Fineses e o TB-LNNK, estes partidos apoian a adopción de medidas moi estritas para combater a delincuencia, con valores de 8 ou máis na pregunta 19 nunha escala que vai de 0 a 10. En consecuencia, coas excepcións parciais do PiS, os Verdadeiros Fineses e o TB-LNNK, estes partidos dereitistas e TAN tenden a adoptar unha postura extrema en tres dimensións que resultan críticas para a identificación dos partidos da

¹ Decidimos empregar a ESS4-2008 no canto do estudo das eleccións ao Parlamento europeo de 2009 porque a realización da primeira está temporalmente máis próxima á base de datos de expertos da UNC-Chapel Hill, e tamén porque a información da ESS comprende unha cifra maior de votantes da dereita radical populista ca o estudo dos comicios europeos de 2009 (o duplo, de media, para os países aquí considerados). Nalgúns casos, como o da FN francesa, a cantidade de votantes que figuran no estudo de 2009 é particularmente reducida (oito votantes da FN nas pasadas eleccións xerais e catro nas últimas europeas).

² Quedan comprendidos partidos políticos que acadaron polo menos un 2 % do voto nos comicios inmediatamente anteriores ao ano da enquisa ou que elixiron como mínimo un representante ao Parlamento nacional (Hooghe *et al.* 2010).

dereita radical populista: cosmopolitismo fronte a nacionalismo, políticas liberais fronte a políticas restritivas e liberdades civís fronte a orde pública.

Somos conscientes da heteroxeneidade ideolóxica e política deste grupo de partidos, que xurdiron en contextos políticos e históricos moi distintos, adoptaron inicialmente distintas combinacións ideolóxicas e formaron vencellos con potenciais electores diverxentes no plano socioeconómico dentro dos seus respectivos sistemas de partidos. En concreto, os partidos enfrontáronse a uns contextos de todo diferentes en función de se apareceran en países poscomunistas ou europeos occidentais, diferenza esta fundamental que explica o feito de moitos dos partidos da dereita radical populista dos países poscomunistas presentaren, en aparencia, características que difiren en gran medida do tipo ideal de partido da dereita radical populista. Claramente, este é o caso do *pis*, que adopta unhas posturas antiinmigratorias moi moderadas, pode ser considerado tamén partido conservador católico e pertence á Alianza dos Conservadores e Reformistas Europeos no Parlamento Europeo, xunto co Partido Conservador Británico. Poderíanse facer algunhas advertencias sobre o *TB-LNNK* letón (Mudde 2007: 53), membro tamén da dita Alianza e caso residual ou límite agora fusionado na Alianza Nacional canda un partido de extrema dereita ultranacionalista (Alianza por Letonia), así como sobre o *PRM* romanés, bastante volátil no plano ideolóxico agás polo seu carácter ultranacionalista e antihúngaro. No entanto, os partidos da dereita radical populista europea presentan tamén importantes idiosincrasias, como fica patente no caso do *VB*, o *cal*, igual ca a Lega Nord italiana, se asemella ademais aos partidos nacionalistas periféricos, ou do *PVV*, que non comparte o carácter moralmente tradicionalista doutros partidos da dereita radical e que tamén podería ser etiquetado como nacionalista neoliberal e populista. De feito, o *pis* e o *PVV* son, dos que se abordan nesta análise, os dous únicos que non foron incluídos na listaxe de partidos radicais populistas proposta por Mudde (2007).

Á vista desta diversidade, poderíamos quer tentar maximizar a homoxeneidade dos partidos aquí comprendidos, para acabarmos, así, cun grupo moi reducido de casos, quer adoptar uns criterios máis laxos con obxecto de reflectirmos os padróns de variación que caracterizan uns partidos que, para empregarmos a terminoloxía dos conxuntos difusos, ben «pertencen totalmente» ao conxunto de partidos da dereita radical populista, ben «están máis dentro ca fóra». Na nosa opinión, dada a forte tendencia deste tipo de partidos a presentaren unhas idiosincrasias distintivas nos elemen-

tos ideolóxicos que arrodean o seu núcleo nacionalista e nativista, ten máis sentido adoptar a segunda estratexia de investigación, menos restritiva; a xustificación desta escolla vese reforzada polo feito de que aumentar a cantidade de casos nos permitirá identificar padróns de variación entre esta clase de partidos no relativo aos vencillos que establecen cos seus votantes verbo da UE. Neste respecto, non esperamos atoparlle desvantaxe significativa ningunha a esta estratexia de investigación, a cal, máis ben ao contrario, podería fornecernos probas engadidas sobre aqueles casos cuxa pertenza á familia da dereita radical populista é cuestionable.

Somos conscientes, así mesmo, de que non incluimos outros importantes partidos da dereita radical populista, como os austríacos FPÖ (Freiheitliche Partei Österreichs) e BZÖ (Bündnis Zukunft Österreich) e a Lega Nord italiana, se ben a pertenza desta última á familia da dereita radical populista tamén é discutida (Mudde 2007: 56); fácémoslo así porque nin Austria nin Italia quedaron comprendidas na rolda de 2008 da ESS. Excluimos tamén da nosa análise outros partidos da dereita radical populista para os que se contou cunha cifra demasiado baixa de entrevistados nas enquisas nacionais, como ocorre co MPF (Mouvement pour la France) francés.

No apartado seguinte preséntanse os debates máis destacados que se xeraron arredor do tema da integración europea e a competencia entre partidos, así como a cuestión da congruencia de opinión entre partidos e votantes, en particular no caso da familia de partidos da dereita radical populista. Sorprendentemente, malia que a maioría dos estudos realizados sobre os partidos radicais populistas desatenderon a cuestión da integración europea, nas investigacións efectuadas sobre o euroescepticismo subliñouse a importancia e a particularidade da dereita radical populista, entre todas as familias de partidos, na súa oposición á integración europea. No apartado que vai a continuación faise un trazado comparativo das posicións absoluta e relativa dos partidos da dereita radical populista e os seus votantes no tocante á integración europea a través dos distintos sistemas de partidos europeos. A seguir, no terceiro apartado ofrécense dous tipos de análises multivariantes dos vencillos existentes entre os partidos da dereita radical populista e os votantes; aquí estudamos primeiramente, mediante unha regresión de MCO, se o voto a partidos da dereita radical populista constitúe un predictor estatisticamente significativo dunhas actitudes euroescépticas e, en segundo lugar, aplicamos unha regresión loxística para observarmos se o euroescepticismo representa un predictor estatisticamente significativo do voto a estes partidos. Ambos os tipos de

técnicas revelan a presenza, na meirande parte dos casos aquí incluídos, dalgúns vencellos entre os partidos da dereita radical populista e os seus votantes no referido á UE; as probas aquí compiladas e resumidas con tres indicadores empíricos amosan non só a presenza de vínculos no tocante á integración europea, senón tamén a fortaleza deses vencellos. As nosas análises exploratorias tamén mostran que as variacións que se producen na firmeza dos ditos vínculos pode gardar relación con ata que grao os partidos da dereita radical populista adoptaron unha postura extrema con respecto á integración europea. Concluimos sinalando algunhas implicacións que ten a presenza destes vínculos para comprendermos a función que desempeñan os partidos da dereita radical populista na politización da integración europea e na transformación do sistema de partidos en Europa.

A INTEGRACIÓN EUROPEA E O ESTUDO DA DEREITA RADICAL

Nos últimos dous decenios xurdiu unha cantidade cada vez maior de estudos académicos en que se analiza a familia de partidos da dereita radical populista (Betz 1992; Carter 2005; Hainsworth 1992, 2007; Ignazi 2004; Kitschelt e McGann 1995; Mudde 2007; Norris 2005; Taggart 1995). Existen aínda opinións distintas sobre cal sería a etiqueta máis acaída que lles asignar a estes partidos (extrema dereita, dereita radical populista, dereita radical)³, sobre as súas características (nacionalistas, nativistas, xenófobos, autoritarios etc.) e sobre a súa pertenza a esta familia, o cal non é motivo de sorpresa dada a heteroxeneidade que exhiben os partidos de tal familia no referido ás súas orixes, ideoloxía, base social e resultado electoral (Carter 2005; Hainsworth 1992, 2007; Kitschelt e McGann 1995; Norris 2005)⁴.

³ A este tipo de partidos téñenselle aplicado moitas etiquetas: nova dereita radical, dereita radical populista, extrema dereita etc. (véxanse, por exemplo, Hainsworth 2007, Kitschelt e McGann 1995, Mudde 2007); neste artigo, seguindo a Mudde (2007), nós optamos pola de dereita radical populista. Preferimos tal denominación á de extrema dereita porque esta última ten matices autoritarios explícitos (Mudde 2007: 23-31) e adoita ir ligada á experiencia dos réximes fascistas e os movementos neofascistas (Ignazi 2004); preferímola tamén á etiqueta, moi estendida, de nova dereita radical porque este termo denota a existencia dun programa neoliberal no económico (Kitschelt e McGann 1995) que non comparten a maioría de tales partidos.

⁴ Por mor da presenza de importantes diferenzas de orixe, perfil ideolóxico e base social, ténselles dedicado unha atención considerable á descrición e explicación da heteroxeneidade desta familia de partidos mediante a identificación de distintos subtipos de partidos da dereita radical populista (Carter 2005, Kitschelt e McGann 1995).

A pesar das diferenzas entre as súas características, pódese establecer unha base común que segue as liñas do nacionalismo, a xenofobia e unhas políticas identitarias excluíntes. Nas obras elaboradas sobre a materia vén existindo practicamente un consenso sobre o feito de o nacionalismo (Hainsworth 2007) ou nativismo —por distinguir o seu tipo de nacionalismo doutros— actuar como elemento ideolóxico central nestes partidos, aínda que se dan outras características ideolóxicas, como o seu populismo e autoritarismo (Mudde 2007), que tamén están presentes entre eles⁵. O seu nacionalismo extremo garda relación directa coa súa xenofobia, actitudes contrarias á inmigración e chauvinismo do benestar (Mudde 2000). Como teñen indicado varios autores (Mudde 2010, Sniderman *et al.* 2000), estas orientacións van asociadas, así mesmo, aos valores e orientacións dominantes nas sociedades europeas contemporáneas.

A oposición á integración europea tivo maiormente a consideración de cuestión moi secundaria na caracterización das políticas desta familia de partidos, o cal nos parece sorprendente dada a potente relación que existe nas obras publicadas entre unhas identidades nacionais excluíntes, a defensa da soberanía nacional e as orientacións cara á integración europea (Hooghe e Marks 2008). É máis: grazas á prevalencia da súa orientación nacionalista sobre outras clases de adhesións ideolóxicas, estes partidos están en condicións de evitar enfrontarse a tensións ideolóxicas á hora de fixar unha postura con respecto á integración europea⁶. Porén, coa excepción do libro de Mudde (2007) dedicado á dereita radical populista de Europa, o euroescepticismo apenas é mencionado como elemento caracterizador das políticas da familia de partidos da dereita radical populista.

A ausencia da cuestión da integración europea nos estudos feitos sobre a dereita radical populista chama poderosamente a atención á vista de que as publicacións referidas á integración europea puxeron de manifesto o particular que é a postura euroescéptica da dereita radical populista. Así, no primeiro estudo en que se tomaron como obxecto de exame as familias de partidos e a súa actitude cara á

⁵ Véxanse en particular Mudde (2007: 16 e ss.) e Hainsworth (2007: 7). Existen varios autores que tamén destacaron o feito de a dereita radical populista rexeitar unha serie de elementos clave dos réximes liberaldemocráticos, así como o seu populismo antisistema (Carter 2005: 17-28; Hainsworth 2007: 12; Ivaldi 2004; Mudde 2000: 177; Taggart 1995).

⁶ Sobre os efectos que exercen as tensións ideolóxicas na competencia electoral referida a cuestións concretas, véxase Odmalm (2011).

Unión Europea, destacáronse as posicións antieuropeístas da familia de partidos da dereita radical (Hix e Lord 1997: 42) e, máis aínda, desde os primeiros anos do decenio de 1980 o euroescepticismo da dereita radical populista vai en claro aumento, ata o punto de que esta constitúe hoxe a familia de partidos máis euroescépticos e algúns estudosos afirman que «os partidos da dereita radical son, sen excepción, moi euroescépticos» (Hooghe *et al.* 2004: 133; Steenbergen e Scott 2004).

O concepto de euroescepticismo fai referencia, en termos xerais, a unhas actitudes negativas cara ao proceso de integración europea. Para caracterizar os partidos euroescépticos téñense proposto varias tipoloxías, entre as cales talvez a distinción á que se recorre máis a miúdo sexa a que, cuñada por Taggart e Szczerbiak (no pasado decenio), diferencia entre euroescepticismo «duro» e «brando». O primeiro defínese como «unha oposición por principios á UE e á integración europea e, xa que logo, pode observarse en partidos que consideran que os seus respectivos países deberían renunciar á súa pertenza á Unión, ou cuxas políticas no tocante á UE veñen equivaler a unha oposición á totalidade do proxecto de integración europea tal e como se concibe na actualidade» (Taggart e Szczerbiak 2008: 7), mentres que o euroescepticismo «brando» non comporta unha oposición por principios á UE, mais si «preocupación por un (ou varios) ámbitos normativos» que conduce a «unha oposición, con matices, á UE» (Taggart e Szczerbiak 2008: 7). No plano da opinión pública, existen achegas recentes nas que se destaca o carácter pluridimensional das actitudes cara á UE, o cal revela as diferentes compoñentes e factores determinantes das orientacións afectivas, identidades, xuízos utilitarios e baseados en resultados e opinións sobre o reforzo do proceso de toma de decisións (Boomgaarden *et al.* 2011).

As investigacións sobre o euroescepticismo de partido experimentaron un considerable incremento no último decenio, o cal deu lugar ao que Mudde denomina «escolas» de Sussex e Carolina do Norte (Mudde 2011), que difiren nas súas definicións, datos, ámbito de aplicación e achados relativos á postura dos distintos partidos ante a integración europea. Así, a definición de Sussex ten os seus fundamentos na distinción antedita, cualitativa e dicotómica, entre euroescepticismo duro e euroescepticismo brando; pola contra, a de Carolina do Norte céntrase na «orientación xeral dos líderes do partido» cara á integración europea, nun contínuum que vai dunha oposición extrema (1) a un apoio total á integración

(7) (Ray 1999). A partir desta escala é posible establecer unha serie de criterios (substantivos, absolutos ou relativos, ou todos eles) e limiares con que distinguir entre partidos euroescépticos e non euroescépticos (Mudde 2011: 11-12). Entre os exemplos de puntos de corte contaríanse unha posición neutral na escala (4), a expresión dun tímido apoio á integración europea (5) (Mudde 2011: 12) e a existencia dunha distancia concreta entre a postura do partido e a postura media ou ponderada do sistema de partidos (De Vries e Edwards 2009: 11). En xeral, porén, como apunta Mudde (2011: 11), os debates definitorios teñen menos importancia nas obras elaboradas pola escola de Carolina do Norte, que se centrou máis en ofrecer respostas explicativas a crebacabezas empíricos que en producir un concepto de euroescepticismo preciso e carente de ambigüidades⁷. Existen, alén diso, notables diferenzas metodolóxicas entre ambas as escolas: así, mentres que a perspectiva adoptada por Sussex se basea na postura oficial dos partidos políticos, os estudos de Carolina do Norte fundaméntanse nas enquisas realizadas entre expertos nacionais. As dúas clases de achegamento presentan vantaxes e limitacións, e as dúas poden conxugarse na elaboración de análises exhaustivas e pormenorizadas da postura dos partidos ante a integración europea (véxase Mudde 2011: 19); no entanto, posto que nas enquisas da UNC-Chapel Hill figuran as mesmas preguntas para todos os países europeos e en distintos puntos temporais, resultan especialmente útiles para a elaboración de análises comparativas sistemáticas das características, os correlatos e a evolución do euroescepticismo entre os partidos políticos, razón pola cal as análises contidas neste artigo se basean, en gran medida, nos datos que ofrece a enquisa a expertos da UNC-Chapel Hill.

Outro debate crucial que se refire ao euroescepticismo é o que aborda a cuestión de se a ideoloxía ou a estratexia permiten explicar a postura adoptada polos partidos cara á integración europea (Mudde 2011). Uns autores conciben o euroescepticismo como unha estratexia que adoitan empregar os partidos políticos que se achan nas marxes do sistema de partidos (Taggart 1998), mentres que outros sosteñen que a postura euroescéptica dos partidos ten as súas raíces na ideoloxía, a saber: esquerda/dereita ou «nova política» (Hooghe *et al.* 2004, Marks e Wilson 2000). Canto á dereita radical populista, esta ten motivos tan-

⁷ Sobre o equilibrio entre precisión definitoria e resolución empírica de problemas, véxase Popper (2002: 20-30).

to ideolóxicos como estratéxicos para adoptar unha plataforma euroescéptica. Neste sentido, no plano ideolóxico, o seu rexeitamento da integración europea fundaméntase na defensa da soberanía nacional e na oposición á erosión dunhas identidades nacionais fortes (e excluíntes) (De Vries e Edwards 2009, Hooghe *et al.* 2004, Marks *et al.* 2002); no plano estratéxico, os partidos da dereita radical populista poden aspirar a mellorar o seu resultado electoral presentándose como os únicos defensores da soberanía e a cultura nacionais, ambas as cales están ameazadas polo proceso de integración europea (De Vries e Edwards 2009). Neste grupo de partidos, as consideracións ideolóxicas e estratéxicas poden tratarse como factores que se reforzan uns a outros, e non como alternativos ou mutuamente excluíntes (De Vries e Edwards 2009, Kopecky e Mudde 2002).

No estudo comparativo dos partidos euroescépticos que levaron a cabo Taggart e Szczerbiak baseándose nunha análise pormenorizada dos casos, clasificouse o euroescepticismo de oito dos once partidos da dereita radical populista investigados neste artigo. Así, o VB, a FN e o SNS foron etiquetados como euroescépticos «duros», mentres que o DF, o TF, o PIS e o PRM recibiron a clasificación de euroescépticos «brandos» (Taggart e Szczerbiak 2008: 11-12). No cadro 1 enuméranse os partidos da dereita radical populista que analizamos, a súa postura ante a integración europea segundo os expertos do país e, se se dispón dela, a súa clasificación como partidos euroescépticos «duros» ou «brandos» de acordo cos criterios de Taggart e Szczerbiak⁸; tanto as etiquetas cualitativas como as posicións espaciais denotan a presenza de varios niveis de orientacións euroescépticas no seo desta familia de partidos. No mesmo cadro ponse de manifesto a existencia de importantes diferenzas entre a información fornecida polos indicadores cuantitativos e a achegada polos cualitativos (moi especialmente no caso do SNS e o TF).

⁸ Boomgaarden *et al.* (2011) deixaron de manifesto o carácter pluridimensional das actitudes cara á UE (véxase tamén Hobolt *et al.* 2011). Debido ás limitacións dos nosos datos, non estamos en condicións de facermos un trazado das posturas de partidos e votantes en cada unha destas dimensións concretas.

Cadro 1. Partidos da dereita radical populista e a UE

Partido	Abr. do partido	País	Postura ante a UE no CHES 2006	Clasificación de Taggart
Dansk Folkparti (Partido Popular Danés)	DF	Dinamarca	2,33	Brando
Front National (Fronte Nacional)	FN	Francia	1	Duro
Laikós Orthódoxos Synagermós (Concentración Popular Ortodoxa)	LAOS	Grecia	2,38	-
Nacionalno Obedinenie Ataka (Unión Nacional Ataques)	NOA	Bulgaria	2,46	-
Partidul România Mare (Partido da Gran Romanía)	PRM	Romanía	4,20	Brando
Partij voor de Vrijheid (Partido para a Liberdade)	PVV	Países Baixos	1,55	-
Perussuomalaiset (Verdadeiros Fineses)	TF	Finlandia	1,64	Brando
Prawo i Sprawiedliwość (Partido Lei e Xustiza)	PIS	Polonia	3,50	Brando
Slovenská národná strana (Partido Nacional Eslovaco)	SNS	Eslovaquia	3,23	Duro
Tēvzemei un Brīvībai (Pola Patria e a Liberdade)	TB-LNNK	Letonia	4,75	Duro
Vlaams Belang (Interese Flamengo)	VB	Bélxica	2,50	Duro

En consonancia co anterior, o noso punto de partida é unha familia global de partidos euroescépticos fundamentada en consideracións tanto ideolóxicas como estratéxicas, mais con algunha evidencia de diferenzas internas no seu grao de euroescepticismo. Na medida en que a oposición á integración europea é non só coherente coa perspectiva ideolóxica xeral destes partidos, senón tamén electoralmente rendible, existen bos motivos para esperar que, no tocante á UE, exista congruencia entre partidos e votantes, así como vínculos entre os primeiros e os segundos, dentro desta familia.

Se ben é certo que nalgúns estudos se subliñou a escasa relevancia que teñen as cuestións europeas nas decisións de voto que se toman en Europa (Van der

Eijk e Franklin 2004), contamos con análises máis recentes que deixaron de manifesto que o papel electoral que desempeña a integración europea varía significativamente de país a país e que estas variacións dependen de factores tales como o relevo que teña a UE entre o público nacional, a existencia de divisións no seo dun partido sobre este tema, a relación das actitudes cara á UE na dimensión esquerda-dereita (De Vries 2007) e a diseminación do euroescepticismo entre o público nacional (Kriesi 2007). A relevancia da integración europea non se pode dar por suposta tampouco no caso dos partidos da dereita radical euroescéptica ou populista, ou euroescéptica e populista (Green-Pedersen 2011, Steenbergen e Scott 2004: 177); no entanto, as análises das actitudes do público cara á UE amosaron que os partidos da dereita radical populista tenden a lles dar aos seus votantes os indicativos máis potentes verbo desta cuestión (Steenbergen *et al.* 2007)⁹. E o feito de as actitudes euroescépticas concordaren bastante co núcleo ideolóxico nacionalista destes partidos pode facilitarlles a procura duns vínculos cos seus votantes fundamentándose na súa orientación euroescéptica; en efecto, nalgúns estudos tense mostrado xa que a integración europea si inflúe á hora de explicar o voto por partidos da dereita radical populista en Francia, Suíza e os Países Baixos (Lachat 2008), o cal vai na liña da crecente politización da integración europea que postularon Kriesi *et al.* (2008) e Hooghe e Marks (2008).

En suma, nos estudos dedicados ao euroescepticismo destacouose a particularidade comparativa da familia de partidos da dereita radical populista con respecto á integración europea no tocante a varios puntos: posturas programáticas, importancia estratéxica e indicativos entre partidos e votantes. Non existen, porén, estudos comparativos nos que se analice concretamente o papel que exerce a integración europea nas relacións entre os partidos da dereita radical populista e os seus votantes, de xeito que tamén carecemos de probas comparativas empíricas sobre como inflúe esa integración no voto por tales partidos e no grao en que os vencellos entre partidos e votantes no referido á integración europea son comúns a todos os partidos adscritos a esta familia. Posto que nos membros de tal familia non se pode presumir a existencia de congruencia entre partidos e votantes nin de vínculos entre estes e aqueles no tocante á integración, cobra aínda maior

⁹ Este resultado non é independente do feito de as posturas euroescépticas do público estaren a miúdo infra-representadas nos sistemas de partidos nacionais, dado o posicionamento globalmente proeuropeo das familias de partidos maioritarios (Taggart e Szcerbiak 2008).

relevancia a elaboración de estudos comparativos sobre a fortaleza das relacións habidas entre este tipo de partidos e os seus votantes no que se refire a esta dimensión en concreto.

En última instancia, o estudo do papel que exerce a integración europea entre a dereita radical populista garda tamén relación coa nosa idea das transformacións que están a ter lugar no sistema de partidos europeos. Kriesi *et al.* (2008: 11) demostraron a importancia que reviste a presenza dunha nova división sociopolítica que enfronta os partidarios da globalización contra os que se resisten a ela, nun conflito en que a dereita radical populista tende a adoptar unha postura radical contra a integración ou a favor dunha demarcación no eido político-cultural (Lachat 2008: 281-282), o cal comporta unha oposición á integración europea e a adopción de posturas restritivas no referido á inmigración (Kriesi *et al.* 2006: 13). A este respecto, o euroescepticismo «é parte integrante do novo conflito estrutural que se xerou arredor da integración» (Lachat 2008: 290), conflito en que os partidos da dereita radical populista resultan fundamentais á hora de conformar e canalizar as reivindicacións contrarias á integración no ámbito político; por tal motivo, a análise dos vínculos que unen partidos e votantes no plano da dereita radical populista e o seu electorado con respecto á integración europea reviste unha importancia que transcende o interese de afinar os nosos coñecementos sobre as propiedades que teñan, concretamente, estes partidos e os seus votantes.

POSICIÓN ABSOLUTA E RELATIVA DOS PARTIDOS DA DEREITA RADICAL POPULISTA E OS SEUS VOTANTES ANTE A INTEGRACIÓN EUROPEA

Os partidos da dereita radical populista e os seus votantes exhiben un nivel paralelo de euroescepticismo? E ata que punto son homoxéneas as posturas dos partidos e dos votantes nunha perspectiva comparativa? Un primeiro paso para abordar o estudo da postura destes partidos e dos seus votante ante a integración europea consiste en recorrer a puntos de referencia uniformes baseados no contido absoluto e substantivo das dúas variables que nos informan da postura


dos partidos da dereita radical populista e o seu electorado¹⁰. Para este fin, tomamos os puntos intermedios de ambas as variables (é dicir, 4 no caso da postura dos partidos e 5 no da orientación dos cidadáns) como fronteira que separa as opinións negativas e as positivas sobre a UE. Neste sentido, e antes de máis, os partidos tenden a ser máis euroescépticos ca os seus votantes; todos os partidos adoptan unha postura máis firme ca o seu electorado ante a integración europea e a familia da dereita radical populista non constitúe unha excepción (Mattila e Raunio 2006: 427). En termos absolutos, achamos que, en cinco de once casos, tanto os partidos da dereita radical populista como o seu electorado asumen unha postura euroescéptica (véxase a figura 1)¹¹, sendo esta a situación do VB, o LAOS, o DF, a FN e o TF¹²; tamén observamos que oito dos once partidos adoptan unha postura euroescéptica.

¹⁰ Para cuantificar as actitudes do público cara á UE recorremos á pregunta B34 da enquisa ESS, que se formula como vai a seguir: «Pensando agora na Unión Europea, algunhas persoas din que a integración debería ir máis lonxe. Outras din que xa foi demasiado lonxe. Empregando esta tarxeta, ¿que número da escala describe mellor a súa opinión ó respecto?». As respostas van de 0 («A integración xa foi demasiado lonxe») a 10 («A integración debería ir máis lonxe»). Tamén utilizamos a pregunta 1 do cuestionario CHES 2006: «Como describiría vostede a postura que, en xeral, adoptaron os líderes do partido con respecto á integración europea ao longo de 2006?», para a cal as respostas van de «Forte oposición» (1) a «Forte apoio» (7). Como se mencionou anteriormente, non estamos en condicións de situarmos a postura dos cidadáns e dos partidos nas distintas dimensións que subxacen ás actitudes ante Europa (Boomgaarden *et al.* 2011), mais damos por suposto, con todo, que o noso indicador de euroescépticismo na opinión pública garda especial relación coas actitudes mantidas cara ao reforzo da UE, a ampliación das competencias de toma de decisións, a transferencia das políticas e unha maior integración (Boomgaarden *et al.* 2011: 258).

¹¹ Estas medias están baseadas na cantidade de entrevistados que votaran por cada un dos partidos da dereita radical populista nas últimas eleccións nacionais (pregunta B12). A cifra de votantes de cada partido que responderon a esta pregunta referida á integración europea (B34) é como se indica a seguir: DF (127), LAOS (46), LNNK (82), FN (29), NOA (88), PRM (142), PVV (35), VB (97), SNS (88), PIS (291) e TF (52). Infelizmente, a cantidade de enquisados correspondente a algúns destes partidos é moi reducida e, como se mencionou antes, de usarmos o estudo das eleccións europeas de 2009, a cifra de entrevistados quedaría aínda máis reducida. Con todo, as posicións medias de voto que aparecen na ESS4-2008 e no estudo dos comicios de 2009 gardan unha forte correlación con estes once casos (correlación de Pearson de +0,88): de 2008 a 2009, os votantes tornáronse máis euroescépticos en nove dos once casos aquí considerados, sendo as excepcións o electorado do PIS e o do SNS, e a postura media dos votantes ante a UE (once casos) desprazouse, entre estas dúas enquisas, dun 4,99 a un 4,10.

¹² Entre estes, só os votantes do TF, a FN e o DF adoptan unha postura euroescéptica dura (arredor do 50 % do electorado destes partidos posiciónase por debaixo dos tres puntos na escala de europeísmo, que vai de 0 a 10, que empregamos neste traballo). A porcentaxe de votantes do PVV que asumen unha forte postura euroescéptica (de 3 ou menos) tamén resulta elevada, cun 51 %, mais neste caso o partido non adopta postura euroescéptica ningunha.

Figura 1. Partidos da dereita radical populista e os seus votantes: posturas absolutas ante a UE



Canto ás combinacións concretas de posturas dos partidos e dos votantes, estes datos poñen de manifesto que catro partidos adoptan unha posición euroesceptica máis teñen votantes favorables á UE (un da Europa occidental, o PVV, e o resto do leste: o NOA, o SNS e o PIS), un exhibe unha postura pro-UE mais ten un electorado euroesceptico (o TB-LNNK) e, finalmente, un partido adopta unha postura favorable á UE e ten votantes que están tamén a favor dela (o PRM). Quere isto dicir que, na liña do que destacan as obras dedicadas ao euroescepticismo, todos os partidos da dereita radical populista bardante dous adoptan unha orientación substantivamente euroesceptica; no entanto, existen cinco casos en que a postura dos votantes da dereita radical populista non é euroesceptica nun grao substantivo.

Se comparamos a postura destes partidos e a dos seus votantes (véxase a figura 1), achamos unha asociación positiva entre ambas as variables; así, os partidos máis proeuropeístas tenden a contar cun electorado máis proeuropeísta tamén, e os partidos claramente euroescepticos (FN, TF) reciben os votos de cidadáns (comparativamente) euroescepticos. Existen, porén, algunhas excepcións a este


padrón, como as representadas polo NOA, o PVV e, no caso máis patente, o TB-LNNK¹³.

Ora ben, cunha análise comparativa estritamente baseada na postura absoluta, nestas escalas, dos partidos da dereita radical populista e os votantes, non fica esclarecida a índole dos vencellos existentes entre partidos e electorado no tocante á integración europea. A orientación dos partidos nacionais e a do seu público son distintas e o que parece constituír unha postura moderada dentro da familia de partidos podería estar, de feito, lonxe do consenso que prevalece no seo dun sistema de partidos nacionais; e, viceversa, unha posición antieuropeísta reflectida nesta escala podería ser compartida por outros votantes ou partidos, ou ambos, no plano nacional. Xa que logo, unicamente tendo en conta as características da opinión pública e os sistemas de partidos nacionais estamos en condicións de avaliar a índole e a dirección dos ditos vencellos.

Un primeiro xeito de realizar unha avaliación da postura relativa dos partidos da dereita radical populista e dos seus votantes consiste en comparar a súa orientación cara á UE coa doutros partidos e o seu electorado nos seus respectivos sistemas de partidos. Neste sentido, na figura 2 preséntase a distancia que existe entre a postura dos partidos da dereita radical populista e a súa respectiva media no sistema de partidos (ponderada en función dos últimos resultados obtidos nas eleccións nacionais) (dimensión horizontal), e a distancia existente entre a posición dos votantes da dereita radical populista e a postura media nacional (dimensión vertical). Nesa gráfica amósase que, no caso de todos os países comprendidos nesta análise, os partidos da dereita radical populista son máis euroescépticos do que é a postura media dos partidos políticos nacionais, e fica patente, así mesmo, que os partidos tenden a se situar máis lonxe da media nacional ca os votantes (sobre todo se temos en consideración que o intervalo da escala é máis amplo no caso dos partidos ca no do público nacional). E danse mesmo algúns casos en que os votantes dos partidos non son máis euroescépticos ca as súas respectivas medias nacionais (PVV e TB-LNNK), ou non o son máis ca marxinalmente (PRM). En termos globais, existe unha moderada tendencia a que os partidos que se afastan da media do sistema de partidos nacionais reciban os votos de cidadáns que son tamén comparativamente euroescépticos.


¹³ O índice de correlación de Pearson que existe entre estas dúas variables é igual a +0,53, que ascende a +0,73 cando se exclúe da análise o TB-LNNK.


Figura 2. Distancia entre os partidos da dereita radical populista e a media ponderada do sistema de partidos (dimensión horizontal) e entre os votantes da dereita radical populista e as medias nacionais do público (dimensión vertical)



Nas figuras 3 (a-k) móstrase a postura que sobre a integración europea manteñen tanto partidos como votantes (medias da ESS) dentro de cada sistema de partidos nacionais. Estas gráficas deixan de manifesto que a maioría dos partidos da dereita radical populista adoptan unha posición comparativamente euroescéptica, aínda que non por necesidade a máis euroescéptica de todas no seu respectivo sistema de partidos; dito isto, porén, nunha cantidade de casos superior á metade (Bélxica, Bulgaria, Francia, os Países Baixos, Eslovaquia e Romanía), os partidos da dereita radical populista son, en efecto, as forzas políticas nacionais máis euroescépticas. Existe unha tendencia menos marcada a que os votantes da dereita radical populista adopten as orientacións máis euroescépticas dos seus respectivos sistemas de partidos (feito que se dá en cinco de once casos) e constátanse mesmo dous casos (os Países Baixos e Letonia) nos que os votantes da dereita radical populista non son máis euroescépticos ca a media nacional.

Figura 3. Postura dos partidos e preferencias dos votantes con respecto á integración europea: 3a, Bulgaria; 3b, Bélxica; 3c, Dinamarca; 3d, Grecia; 3e, Francia; 3f, Países Baixos; 3g, Finlandia; 3h, Letonia; 3i, Polonia; 3j, Eslovaquia; 3k, Romanía)





Estas gráficas amosan, así mesmo, que existen distintos perfís relacionais entre a postura dos partidos e a dos votantes en cada un destes países; deste xeito, só nos sistemas de partidos de Dinamarca, Grecia, Francia e Finlandia se observan asociacións patentes e simétricas entre a postura dos partidos e a preferencia dos votantes no referido ao euroescepticismo.

No cadro 2 clasifícanse os casos en función de se os partidos da dereita radical populista ou os votantes, ou ambos, son os máis euroescépticos dos seus respectivos sistemas de partidos. Hai catro casos (VB, FN, SNS e TF) nos que tanto partidos como votantes figuran entre os máis euroescépticos, o cal apunta á presenza de vínculos entre partidos e votantes por mor da orientación euroescéptica extrema duns e doutros (en termos relativos dentro dos seus respectivos sistemas de partidos); este grupo contrasta claramente co caso do PIS, o TB-LNNK e o LAOS, no cal nin os partidos nin o electorado se sitúan entre os máis euroescépticos. Estes dous escenarios opostos son o máis favorable e o máis desfavorable, respectivamente, para a cuestión de se a dereita radical populista goza da titularidade do euroescepticismo. Por último, en oito dos once casos son quer os partidos da dereita radical populista, quer os seus votantes, os que adoptan a postura máis euroescéptica dentro dos seus respectivos sistemas de partidos.

Cadro 2. Orientacións euroescépticas relativas dos partidos da dereita radical populista e os seus votantes

	Votantes máis euroescépticos	Votantes que non son os máis euroescépticos
Partido máis antieuropeísta	VB, FN, TF, SNS	NOA, PRM, PVV
Partido que non é o máis antieuropeísta	DF	LAOS, PIS, TB-LNNK

Nota: destácanse en negriña os casos en que tanto os partidos como os votantes tamén son euroescépticos en termos absolutos.

En termos globais, e malia a presenza de importantes diferenzas nacionais, é evidente que a familia de partidos da dereita radical populista se inclina cara a unhas posturas euroescépticas. Fomos quen de determinar que todos estes partidos agás dous (o PRM romanés e o TB-LNNK letón) manteñen unha orientación euroescéptica manifesta e que o electorado de seis dos once partidos ten tamén unha inclinación substantivamente euroescéptica. Por conseguinte, en cinco dos once casos que con-

sideramos, tanto partidos como votantes adoptan unha orientación euroescéptica (VB, TF, FN, DF e LAOS); alén diso, todos os partidos da dereita radical populista son máis euroescépticos ca a media ponderada do sistema de partidos nacionais, e todos os votantes deses partidos bardante dous electorados manteñen unhas inclinacións máis euroescépticas ca as respectivas medias nacionais. En última instancia, a nosa análise demostra tamén que son ben os partidos da dereita radical populista, ben os seus votantes, os que adoptan a postura máis euroescéptica dos seus respectivos sistemas de partidos, coa excepción dos casos do PIS, o LAOS e o TB-LNNK.

ANÁLISE NACIONAL MULTIVARIANTE DOS VENCELLOS EXISTENTES ENTRE OS PARTIDOS DA DEREITA RADICAL POPULISTA E O SEU ELECTORADO

Ata agora estudamos os vínculos que unen os partidos da dereita radical populista e o seu electorado considerando as variacións transnacionais que se dan nas posturas medias deses partidos, dos seus votantes e do público nacional. No entanto, logo de escrutarmos se existen outros correlatos das actitudes cara a Europa, por unha banda, e do voto por partidos da dereita radical populista, pola outra, non determinamos en que medida existe unha asociación concreta entre a inclinación de tales partidos e a do seu electorado con respecto á UE. Se os votantes destes partidos fosen máis euroescépticos ca outros electorados, despois de tentarmos detectar os mencionados correlatos —como poidan ser a clase social, o nivel educativo, a ideoloxía etc.— poderíamos inferir a existencia de vínculos entre os partidos da dereita radical populista e os seus votantes no eido concreto da integración europea. Esta relación quedaría determinada con independencia de se a fonte desta conexión radica na capacidade de tales partidos para lle enviar ao seu electorado sinais que os inclinen cara a unha orientación euroescéptica (sinais da elite) ou no feito de que, adoptando unha postura euroescéptica, os partidos conseguen captar o apoio de votantes que xa eran euroescépticos¹⁴.

Con obxecto de estudarmos os vínculos entre os partidos da dereita radical populista e o seu electorado en cada un dos países considerados, recorreremos a dous proce-

¹⁴ Neste artigo non indagamos en se os partidos da dereita radical lles mandan sinais aos seus votantes na dirección do euroescépticismo ou se apelan a votantes xa euroescépticos mediante a adopción dunha postura antieuropea; para avaliar a fortaleza desde dous fluxos causais faría falla outro tipo de análise.

dementos técnicos complementarios: primeiramente analizamos, mediante unha regresión de MCO, se o voto a partidos da dereita radical populista constitúe un predictor estatisticamente significativo dunhas actitudes euroescépticas, logo de esculcarmos se están presentes unha serie de variables sociodemográficas e actitudinais, e, en segundo lugar, observamos, aplicando unha regresión loxística, se o euroescepticismo constitúe un predictor estatisticamente significativo do voto por partidos da dereita radical populista, unha vez que examinamos se existen outras variables que puidesen gardar unha relación verosímil con ese voto. Para ambos os tipos de análise empregamos datos tirados da rolda de 2008 da Enquisa Social Europea (ESS4-2008)¹⁵. Xulgamos estas análises complementarias, e non reiterativas, dado que as variables dependentes e independentes que se utilizan nos modelos que prognostican o voto pola dereita radical populista e as actitudes euroescépticas non son idénticas e, neste sentido, ambas as análises fornecen información sobre os vínculos entre partidos e votantes, mais de diferentes maneiras. A primeira amosa ata que punto o voto pola dereita radical populista garda relación coa postura que se adopta con respecto á integración europea, e coa segunda estúdase a influencia que exercen as actitudes euroescépticas no voto pola dereita radical populista. Non son simétricas as expectativas que albergamos verbo das variables de referencia nos dous tipos de modelo: por exemplo, esperamos que as probabilidades de votar por un partido da dereita radical populista aumenten a medida que nos desprazamos de esquerda a dereita na dimensión clásica esquerda-dereita, mais non esperamos atopar unhas inclinacións cada vez máis euroescépticas segundo nos movemos de esquerda a dereita na mesma dimensión.

No referido á nosa análise de regresión de MCO sobre os determinantes das orientacións euroescépticas, tomamos como variable dependente as respostas ofrecidas á pregunta B34 da enquisa ESS¹⁶. Con obxecto de cuantificarmos a relación existente entre o voto pola dereita radical populista e as actitudes cara a Europa, creamos unha variable binaria correspondente ao voto por eses partidos; nela asignóuselles un valor de 1 aos entrevistados que votan por partidos da dereita radical populista,

¹⁵ Coa única excepción de Bélxica, elaboramos estas análises multivariantes á escala nacional. Nese primeiro país, onde os entrevistados da ESS están divididos entre Valonia e Flandres, realizamos o estudo só cos votantes desta segunda rexión.

¹⁶ Sobre a redacción desta pregunta e a escala utilizada, véxase a nota 10. Como se mencionou antes, damos por suposto que a pregunta garda especial relación cunha dimensión concreta das actitudes cara a Europa, a que se refire ao reforzo da UE, a ampliación das competencias de toma de decisións, a transferencia das políticas e unha maior integración (Boomgaarden *et al.* 2011: 258).

mentres que o resto dos participantes na enquisa reciben un valor de 0. Dado que a nosa expectativa é que os votantes destes partidos exhiban unha orientación negativa cara á unificación europea, o coeficiente B desta variable debería ser negativo. Alén dela, incluímos varios comparadores estatísticos máis que é verosímil que influían na actitude que esperta Europa; neste sentido, contamos con variables binarias correspondentes aos ingresos (tanto para niveis altos como para niveis baixos)¹⁷, nivel de ensino (aplicable a enquisados que tivesen estudos universitarios e aos que tivesen estudos primarios, ou inferiores)¹⁸, sexo, idade, afiliación a un sindicato¹⁹, ideoloxía de esquerdas ou de dereitas²⁰, radicalismo ideolóxico de esquerdas ou de dereitas²¹, grao de relixiosidade²² e, por último, unha variable coa que se trazan as actitudes cara aos inmigrantes²³.

Como segunda análise efectuamos unha análise loxística na que a nosa variable dependente foi a variable dicotómica do voto a partidos da dereita radical populista. O obxectivo aquí radicou en elucidar se as actitudes amosadas cara á UE contribúen a predicir o voto por estes partidos, logo de introducirmos no noso modelo de regresión todos os comparadores anteditos, coa única excepción do radicalismo ideolóxico de esquerdas ou de dereitas, posto que non esperamos que o apoio aos partidos da dereita radical populista vaia en aumento a medida que a orientación ideolóxica do electorado se despraza cara á extrema esquerda.

¹⁷ Estas variables binarias están baseadas nas respostas ofrecidas á pregunta F32 (HINCTNTA). Os enquisados pertencentes aos dous grupos de menores ingresos foron clasificados como de baixo nivel de rendas e asignóuselles un valor de 1 na variable de rendas baixas, mentres que aos entrevistados dos dous grupos de maiores ingresos se lles asignou un valor de 1 na variable de rendas altas. Por causa da ausencia de datos correspondentes á pregunta F32, estas dúas variables binarias non se incluíron nos modelos de MCO aplicables a Bulgaria e a Eslovaquia.

¹⁸ Estas variables están baseadas nas respostas ofrecidas á pregunta F6 (EDULVL).

¹⁹ Esta variable está baseada nas respostas ofrecidas á pregunta F30 (MBTRU). Os enquisados afiliados a un sindicato (nese momento ou nun anterior) recibiron un valor de 1; todos os demais, un 0.

²⁰ Pregunta B23, que vai de 0 (esquerda) a 10 (dereita).

²¹ Para lle asignar valores a esta variable estandarizouse a autoasignación persoal na escala esquerda-dereita (pregunta B23), a escala nacional, e a continuación elevouse ao cadrado.

²² Pregunta C21, que vai de 0 (nada relixioso/a) a 10 (moi relixioso/a); porén, non demos atopado indicador ningún de intolerancia relixiosa, a cal, segundo se demostrou, exerce unha influencia positiva sobre o euroescepticismo (Hobolt *et al.* 2011).

²³ Para trazar as orientacións amosadas cara aos inmigrantes escollemos a variable B39 (IMUECLT), que revela as percepcións que existen verbo dos efectos da inmigración na cultura nacional. As respostas dadas para esta variable oscilan entre 0 (os inmigrantes socavan a vida cultural do país) e 10 (os inmigrantes enriquecen a vida cultural do país). A nosa selección dunha variable centrada nas implicacións culturais da inmigración fundaméntase na importancia que ten a demarcación cultural tanto para os partidos da dereita radical populista como para os seus votantes.

No cadro 3 preséntanse os coeficientes do voto polos partidos da dereita radical populista nos modelos cos que se prognostica o euroescepticismo, mentres que no cadro 4 se amosan os coeficientes correspondentes ás actitudes cara a Europa na regresión loxística coa que se predí o voto por estes partidos. Os coeficientes β sempre apuntan na dirección esperada: os votantes de partidos da dereita radical populista tenden a ser máis euroescépticos ca outros votantes (nos modelos de MCO) e o euroescepticismo favorece o voto por estes partidos; no entanto, os coeficientes β non resultan significativos no nivel 0,10 (nos modelos MCO ou loxísticos) no caso de tres países, que son Romanía, Letonia e Grecia.

En consecuencia, a nosa análise estatística deixa de manifesto a presenza de vínculos estatisticamente discernibles, en oito dos once casos aquí considerados, entre os partidos da dereita radical populista e o seu electorado no tocante á integración europea, logo de esculcar a presenza dunha serie de variables explicativas que, verosimilmente, poderían gardar relación tanto coas actitudes cara a Europa como co voto pola dereita radical populista. Nestes oito casos, os nosos resultados concordan co que esperabamos, a saber, que as actitudes despregadas ante Europa son unha das cuestións que vinculan os partidos da dereita radical populista cos seus votantes. Aínda así, a escasa cifra de votantes desta dereita que se presenta nalgúns dos casos aquí analizados —nomeadamente Francia e os Países Baixos— transforma os nosos resultados en tentativos e imponlle algúns límites á validez externa deste achado.

Canto ás tres situacións en que non hai vencellos discernibles desta índole, resultan menos sorprendentes no caso do romanés PRM e o letón TB-LNNK ca no do grego LAOS. Os dous primeiros representan os únicos partidos que non son substantivamente euroescépticos e cuxos votantes non son tampouco os máis euroescépticos do electorado nacional; pola contra, no caso do grego LAOS, tanto o partido como os seus votantes si presentan un substantivo euroescepticismo. Con todo, é posible que o carácter mesmo máis marcadamente euroescéptico do Partido Comunista Grego impida que, con esta análise estatística, resulte discernible vínculo ningún entre o partido e os seus votantes con respecto á UE²⁴.

²⁴ Os nosos resultados concordan cos achados de Lachat (2008) para o caso de Francia, o único país en que o seu estudo abrangue un dos partidos da dereita radical populista analizados aquí. Nese estudo chégase a conclusións semellantes sobre os Países Baixos, mais o traballo céntrase no voto que vai ao LPF no canto de ao PVV, eponse de manifesto, así mesmo, a presenza de vencellos estatisticamente significativos entre o voto por partidos da dereita radical populista e a integración europea no caso do SVP suízo, pero non no do austríaco FPÖ.

Quadro 3. Regresión múltiple de MCO: coeficientes correspondentes aos efectos que exerce o voto por partidos da dereita radical populista sobre as actitudes cara á integración europea (entre parénteses, erros estándar)

	FN	DF	PVV	VB	LAOS	TF	LNK	NOA	PRM	pis	SNS
B	-1,15*** (0,46)	-1,50*** (0,26)	-1,35*** (0,39)	-0,63*** (0,30)	-0,73 (0,55)	-0,86*** (0,31)	-0,29 (0,33)	-0,96*** (0,30)	-0,15 (0,24)	-1*** (0,20)	-0,46* (0,28)
R ²	0,12	0,14	0,08	0,09	0,10	0,12	0,06	0,10	-0,08	0,07	0,06
axust.											
N	1151	1168	1239	711	717	1304	642	762	720	727	894

* significativo ao nivel 0,10; ** significativo ao nivel 0,05; *** significativo ao nivel 0,01.

Nota: pode achegarse, a pedimento do interesado, información máis pormenorizada sobre os resultados estatísticos obtidos con estes modelos.

Quadro 4. Regresión loxística: coeficientes exp(B) correspondentes aos efectos que exercen as actitudes cara a Europa sobre o voto por partidos da dereita radical populista (entre parénteses, erros estándar)

	FN	DF	PVV	VB	LAOS	TF	LNK	NOA	PRM	pis	SNS
Exp(B)	-0,24*** (0,09)	-0,25*** (0,05)	-0,27*** (0,09)	-0,12** (0,05)	-0,09 (0,08)	-0,22*** (0,08)	-0,06 (0,06)	-0,16*** (0,05)	-0,04 (0,05)	-0,18*** (0,04)	-0,09* (0,05)
Pseudo- -R ²	0,18	0,19	0,22	0,22	0,22	0,14	0,09	0,08	0,05	0,15	0,04
N	1151	1168	1239	711	717	1304	642	762	720	727	894

* significativo ao nivel 0,10; ** significativo ao nivel 0,05; *** significativo ao nivel 0,01.

Mediante o estudo das relacións existentes entre partidos e votantes no seo dos seus respectivos sistemas de partidos e, consecuentemente, mediante un exame comparativo da postura absoluta que manteñen eses partidos na dimensión referida á integración europea, fomos quen de detectar a presenza de relacións programáticas entre os partidos da dereita radical populista e os seus votantes nunha dirección sistematicamente euroescéptica, sen prexuízo das importantes diferenzas que separan estes partidos entre si. Máis aínda, resulta tamén revelador que estas conexións se manteñan en modelos nos que se esculca a presenza de actitudes culturais cara aos emigrantes, variable que, segundo se ten demostrado, constitúe un factor determinante fundamental no apoio electoral que reciben os partidos da dereita radical populista (Norris 2005), xunto coa importante compoñente da nova dimensión integración-demarcación (Kriesi *et al.* 2008), dimensión que os ditos partidos tentan activar no terreo electoral, co cal contribúen á aparición de sistemas triangulares de partidos (Kriesi *et al.* 2006, Meguid 2005). De feito, nos datos da enquisa que estamos a analizar, as actitudes amosadas ante os inmigrantes van ligadas tamén á orientación dos enquisados ante Europa, como mostran os índices de correlación de Pearson dos que se dá conta no cadro 5.

Xeramos un cadro no que se resumen as tres características que están relacionadas directamente coa presenza de vencellos entre partidos e votantes no tocante á integración europea: as posturas absolutas substantivas conxuntas dos partidos da dereita radical populista e os seus votantes, as súas posturas relativas conxuntas e a presenza de vínculos estatisticamente significativos entre o voto por esa dereita e as actitudes ante Europa nas nosas análises multivariantes. No cadro 6 preséntase, en función da ausencia ou presenza destas tres características, un índice sintético da fortaleza dos vencellos entre partidos e votantes con respecto á integración europea dentro desta familia de partidos.

No cadro 6 amósase que, a excepción do TB-LNNK e o PRM, en todos os partidos se exhibe algunha sorte de conexión entre a súa postura e a dos seus votantes no tocante á integración e, en oito dos once casos, coa nosa análise multivariante detectouse a presenza de vencellos estatisticamente discernibles entre o voto por partidos da dereita radical populista e as actitudes cara á UE, unha vez esculcada a aparición doutras variables. O noso índice sintético demostra que, no caso deses partidos e o seu electorado, a politización da integración europea presenta variacións dentro da familia de partidos, mais cobra especial forza en tres casos —Francia, Finlandia e Bélxica— nos cales están

presentes todas as características comprendidas no nosa síntese. Así, a FN e o VB son dous partidos da dereita radical populista antigos e prototípicos, caracterizados pola súa postura nacionalista, xenófoba e antiinmigración extrema, e ambos foron clasificados por Taggart e Szczerbiak (2008) como partidos euroescépticos «duros». En cambio, os Fineses, que en datas recentes mudaron de nome (Verdadeiros Fineses), pertencen á última xeración de partidos da dereita radical populista, sendo así que a política finesa se caracterizaba pola ausencia de partidos euroescépticos duros (Raunio 2008) ata a irrupción do TF nas eleccións europeas de 2009 e as nacionais de 2011; de feito, este éxito ténselle atribuído ao discurso antieuropeísta nun contexto de crecente politización da integración europea (Arter 2010: 485, Raunio 2012).

Cadro 5. Coeficientes de correlación de Pearson entre as actitudes cara á inmigración e a integración europea

FRA.	DIN.	P. BAIX.	BÉL.	GRE.	FIN.	LET.	BUL.	ROM.	POL.	ESL.
0,31	0,34	0,15	0,30	0,21	0,23	0,23	0,20	0,16	0,18	0,21

Nota: todos os coeficientes son significativos ao nivel 0,01.

Fonte: ESS 2008.

Cadro 6. Resumo de tres indicadores referentes aos vencellos entre partidos e votantes no tocante á UE

	Partidos e votantes, euroescépticos	O partido máis euroescéptico e os votantes máis euroescépticos	Vencellos estatisticamente significativos entre partidos e votantes	Índice sumario dos vencellos dos partidos con respecto á UE
FN	1	1	1	3
TF	1	1	1	3
VB	1	1	1	3
SNS	0	1	1	2
DF	1	0	1	2
NOA	0	0	1	1
PVV	0	0	1	1
PiS	0	0	1	1
LAOS	1	0	0	1
TB-LNNK	0	0	0	0
PRM	0	0	0	0

No outro extremo, existen dous partidos —o PRM e o TB-LNNK— que non amosan ningunha clase de vencello cos seus votantes a respecto da integración europea. Para alén de estaren situados en dous sistemas de partidos poscomunistas, ambos se caracterizan polo seu claro posicionamento europeísta (o máis proeuropeo desta mostra; véxase a figura 1) e é tamén típico deles que os seus votantes exhiban unha orientación cara á UE que case iguala a media nacional respectiva (véxase a figura 2). As fortísimas actitudes proeuropeístas da poboación romanesa durante ese período —cunha media de 7,5 no noso indicador de europeísmo da ESS— poden contribuír a explicar as posturas proeuropeas adoptadas polo PRM e a súa carencia de vínculos cos votantes nesta dimensión (aínda que a opinión pública búlgara tamén era fortemente proeuropeísta). Con todo, as actitudes nacionais non explican a postura e os vínculos do TB-LNNK, dado o tépedo apoio da poboación letoa á integración europea —cunha media de 4,6 no mesmo indicador—; só cun estudo pormenorizado da política letoa se podería deitar luz sobre os determinantes dos posicionamentos deste partido e os seus vínculos co electorado.

Nas posicións intermedias deste cadro achamos unhas combinacións de características moi diversas. Así, o SNS e o DF, que polo demais son moi distintos, amosan a mesma puntuación global, mais exhiben unha conxunción de valores diferente: o DF e os seus votantes son substantivamente euroescépticos, pero non «os máis euroescépticos», debido á forte postura antieuropea, en Dinamarca, do Partido Popular Socialista (EL), da esquerda radical; pola contra, o SNS e o seu electorado, malia o endurecemento da posición deste partido ante a UE (Henderson 2001, 2008), son euroescépticos só en termos relativos —amosan o maior euroescépticismo do sistema de partidos eslovaco—. De feito, en ningún destes países poscomunistas podemos atopar un caso en que tanto o partido como os votantes adopten unha postura euroescéptica absoluta.

Canto ao grupo de partidos que mostran unicamente unha clase de vínculo (NOA, PIS, PVV, LAOS), estes presentan unha combinación de características incluso máis diversas. O feito de o PVV exhibir só vencellos significativos na análise multivariante pode poñerse en relación coa data da súa aparición, moi recente: o partido creouse no ano 2006 como escisión dos Conservadores dos Países Baixos (Krouwel e Lucardie 2008), cunhas características que levaron a algúns a se preguntar se pode ser considerado un partido claramente populista, como o foi o

List Pim Fortuyn (Vossen 2010). O pvv fíxose coñecido polo seu posicionamento contrario á inmigración e irrompeu por vez primeira nas eleccións europeas de 2009; o estudo destes comicios amosa que os seus votantes experimentaron, xunto co electorado do PRM, a redución máis acusada nas súas inclinacións europeístas: así, se usásemos ese estudo das eleccións europeas de 2009, o pvv tamén satisfaría o criterio da segunda columna. O LAOS mostra unha forte postura anti-europea en termos absolutos, mais o seu euroescepticismo vese eclipsado polo do poscomunista ΚΚΕ (Kommounistikó Kómma Elládas), máis duro nese sentido. Canto ao NOA e ao PIS, só amosan vencellos entre o partido e os votantes na análise multivariante; o seu electorado non é euroescéptico en termos absolutos e existen partidos ou votantes (ou ambos) máis extremos nos seus respectivos sistemas de partidos.

Faría falla unha análise comparativa pormenorizada para detectar todos os factores sociais e políticos que inciden na índole e na fortaleza dos vencellos entre partidos e votantes no tocante á integración europea, cousa que vai alén dos obxectivos deste artigo. Tanto as análises empíricas como os estudos teóricos levan á conclusión de que os factores provenientes do lado da oferta resultan esenciais para o éxito electoral dos partidos da dereita radical populista. Así mesmo, e baseándonos en análises anteriores, damos por suposto que eses factores (situados ao nivel do partido e ao do sistema de partidos) exercen unha influencia crucial na aparición de vínculos entre tales partidos e os seus votantes a respecto de determinados temas políticos (Ray 2003, Steenbergen *et al.* 2007). Certamente, as características nucleares ideolóxicas e programáticas destes partidos tamén deben de desempeñar un papel na fixación das súas posturas e no establecemento de vínculos cos votantes arredor desta cuestión; no entanto, o nacionalismo non é condición suficiente para o xurdimento de vencellos fortes entre os partidos da dereita radical populista e os seus votantes no referido á integración europea, pois case todos estes partidos son firmemente nacionalistas ou nativistas e, con todo, amosan moi distintos graos de relación cos seus votantes neste ámbito²⁵. Nós partimos, en cambio, da idea de que a postura concreta que adoptan os partidos sobre a cuestión da integración europea debe de exercer unha influencia máis directa na aparición dos vínculos e, en particular, formulamos a hipótese de que, canto máis extremas sexan as

²⁵ De feito, neste grupo de partidos non existe relación ningunha entre o grao de nacionalismo e nativismo, cuantificado nas preguntas 31 e 25 da enquisa de expertos da UNC-Chapel Hill, e os vencellos que establecen co seu electorado no tocante á integración europea.

posturas (tanto a absoluta como a relativa) tomadas polos partidos da dereita radical populista, máis probable será a xeración de vencellos fortes cos seus votantes arredor desta cuestión. Un motivo do anterior radica en que, coa adopción dunha postura extrema, aos partidos pequenos resúltalles máis doado acadar unha diferenciación política e aumentar a súa cota electoral (Wagner 2012), e, de certo, esa asunción de posicionamentos extremos garda relación con outras características e escollas estratéxicas dos partidos políticos que as obras dedicadas a esta cuestión tratan como fundamentais para o establecemento de vínculos entre partidos e votantes (Ray 2003, Steenbergen *et al.* 2007), como son a disensión (condición previa para a adopción de posturas extremas por parte do partido) e a notoriedade do partido, que un pode considerar consecuencia das posturas escollidas (Wagner 2012: 66). Esa toma de posturas extremas tamén debe ligarse ás características xerais da opinión pública nacional e, en particular, á fortaleza das orientacións euroescépticas, que por necesidade inciden nas escollas estratéxicas dos partidos da dereita radical populista e na competencia.

As nosas análises exploratorias demostran que, canto máis extrema sexa a postura euroescéptica dos partidos da dereita radical populista²⁶, maior é a cifra de vínculos detectados no noso índice sintético e máis fortes serán os coeficientes B correspondentes, na nosa análise de MCO, aos vencellos entre partidos e votantes (véxanse as figuras 4 e 5)²⁷. Mesmo así, non todos os partidos se axustan ben a este modelo e, por exemplo, na figura 4 un esperaría que o PVV e o VB exhibisen unhas cifras maior e menor, respectivamente, de vínculos cos seus votantes; o PVV encaixa moito mellor no modelo xeral que se presenta na figura 5, mais neste caso os coeficientes do DF e do PIS son maiores do esperado. Estas discrepancias demostran que achar unha explicación satisfactoria da fortaleza dos vencellos entre partidos e votantes esixiría unha análise comparativa pormenorizada dos determinantes que marcan as escollas de postura e das interaccións

²⁶ Por motivos de simplicidade, e dado que as posturas absolutas e relativas dos partidos gardan unha forte correlación (correlación de Pearson de $-0,85$ entre as posturas absolutas dos partidos da dereita radical populista e a distancia existente entre esas posturas e a media ponderada dos posicionamentos do sistema de partidos), imos deixar á marxe deste estudo as relacións que se dan entre estes dous indicadores de vínculos entre partidos e votantes e as posturas relativas dos partidos da dereita radical populista nos seus respectivos sistemas.

²⁷ O índice de correlación de Pearson entre as posturas dos partidos e o resumo de vínculos entre partidos e votantes é igual a $-0,72$, e o que se produce entre as posturas dos partidos e os coeficientes B da análise de MCO é de $+0,74$. Certamente, os dous primeiros indicadores en que fundamentamos o noso índice sumario xa inclúen información sobre a postura dos partidos (se son ou non euroescépticos e se son ou non os de maior euroescépticismo), mais tamén se teñen en consideración neles a postura absoluta e a relativa dos votantes deses partidos. Canto aos coeficientes B, a priori non gardan relación coa postura adoptada polos partidos a respecto da UE.

Figura 4. Posturas dos partidos (base de datos da UNC-Chapel Hill de 2006) e valores dos partidos no noso indicador sumario correspondente aos vencellos entre partidos e votantes





Figura 5. Posturas dos partidos e coeficientes correspondentes aos efectos que exerce o voto pola dereita radical populista sobre as actitudes europeas na análise de MCO



entre estes e outros factores que veñen da banda da oferta e da da demanda, como a disensión no seo do partido, a destacabilidade da cuestión europea²⁸, as estratexias adoptadas por outros partidos políticos e as actitudes da opinión pública nacional cara á UE. Esta tarefa fica fóra do ámbito da nosa investigación.

CONCLUSIÓN

Neste artigo pretendeuse estudar a presenza de vínculos entre unha serie de partidos radicais populistas e os votantes no tocante á cuestión da integración europea. Os nosos achados veñen sustentar a hipótese de que os partidos da dereita radical populista establecen vínculos cos seus votantes a respecto do proceso de integración europea e, en particular, o feito de as nosas análises multivariantes sinalaren a presenza de tales vencellos mesmo despois de se escrutar a posible intervención doutras variables relacionadas co voto por partidos da dereita radical populista indica que, na meirande parte desta familia de partidos, a integración europea se converteu nunha das cuestións arredor da cal artellan a relación que manteñen cos votantes. Este resultado concorda coas probas que xa existían acerca da particularidade que reviste a integración europea para a dirección de voto do partido; deste xeito, os partidos da dereita radical populista lograron distinguirse nese eido da integración e deron posto en contacto as actitudes euroescépticas con outros elementos nucleares do seu discurso ideolóxico, como a súa postura antiinmigración e, nun plano máis xeral, o seu posicionamento nacionalista²⁹.

Kriesi *et al.* (2008) destacan a oposición da dereita radical populista a unha serie de compoñentes clave de índole social e político-cultural da globalización, sobre todo a inmigración e a integración supranacional. Na análise de Lachat (2008) ponse de manifesto que as actitudes despregadas cara á UE contribúen a explicar o voto que vai a partidos da dereita populista en Francia (FN), Suíza

²⁸ A disensión no seo do partido e a destacabilidade deste xa están relacionadas coa postura do partido ante a integración europea. A correlación de Pearson entre a postura dos partidos da dereita radical populista e a disensión interna é igual a +0,94, e a que existe entre a postura do partido e a súa destacabilidade é de -0,61 (base de datos de 2006 da UNC-Chapel Hill).

²⁹ De feito, os índices de correlación de Pearson dos que se dá conta no cadro 4 mostran que as actitudes euroescépticas e contrarias á inmigración gardan unha relación positiva entre si na poboación de todos os países aquí analizados.

(SVP) e os Países Baixos (LPF). O noso estudo revela a importancia que revisten os vínculos mantidos sobre a cuestión da UE entre os partidos da dereita radical populista e os seus votantes nun período máis recente e cunha cantidade maior de casos e, o que é máis, estes vencellos poden observarse nalgúns países poscomunistas da Europa oriental, o cal subliña a presenza de certas semellanzas entre os casos orientais e occidentais. No entanto, non existe exemplo ningún na Europa oriental no que tanto estes partidos como o seu electorado sexan substantivamente euroescépticos e, malia estaren presentes algúns vínculos entre partidos e votantes en tres casos tirados desta rexión europea (SNS, MOA e PIS), en dous deles tales vínculos limítanse á existencia de coeficientes estatisticamente significativos na nosa análise multivariante. Isto indica que si se dan vínculos no leste no que á UE se refire, pero tenden a ser máis febles ca na Europa occidental, o cal podería ser resultado da máis recente data de integración destes países na UE, as distintas actitudes e intereses da opinión pública da Europa oriental con respecto á integración europea e o menor grao de estruturación programática dos sistemas de partidos poscomunistas (Marks *et al.* 2006).

Sen prexuízo destas diferenzas, a nosa análise comparativa mostra a presenza de vínculos entre partidos e votantes no caso de partidos de distinto carácter que pertencen á familia da dereita radical populista, e en escenarios sociais e político-institucionais moi diversos. Como mencionamos anteriormente, este achado vén avalar os argumentos ofrecidos por outros autores sobre a importancia que para a transformación da competencia entre partidos en Europa teñen os conflitos que versan sobre as principais compoñentes da globalización, en particular a integración europea (Hooghe e Marks 2008, Kriesi *et al.* 2008).

Os nosos achados tamén apuntan a outras interrogantes e vías de investigación: no ámbito metodolóxico, veñen pedir tanto un aumento na cifra de partidos da dereita radical populista que quedan comprendidos na análise como a realización de estudos comparativos pormenorizados nos que se trate unha cantidade pequena de casos e se aborden as variacións que se producen co tempo na activación política da cuestión da integración europea (Green-Pedersen 2011). E, de maneira substantiva, fan precisa unha análise dos diferentes factores sociais e políticos, tanto no plano da oferta como no da demanda, que lles dea forma aos vínculos que existen entre os partidos da dereita radical populista e os seus votantes no tocante á integración. O noso estudo concorda coa hipótese de que

a postura adoptada por estes partidos resulta crucial nos vínculos que establecen co seu electorado con respecto á cuestión da UE, sendo os partidos máis extremos os que tenden a exhibir uns vencellos máis fortes cos seus votantes neste sentido. Con todo, precisamos análises comparativas máis pormenorizadas que nos permitan comprender que influencia exercen este e outras clases de factores (o primeiro deles, a destacabilidade dos distintos temas) na estruturación dos vencellos que establecen estes partidos cos votantes; para avaliar as repercusións que teñen tales factores explicativos, xunto con outros, será necesario elaborar un método de investigación distinto e compilar máis datos, o cal debe constituír o obxectivo de futuras investigacións e análises.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ARTER, David (2010): «The Breakthrough of Another West European Populist Party: The Case of the True Finns», *Government and Opposition*, 45:4, 484-510.
- BETZ, Hans-Georg (ed.) (1994): *Radical Right-Wing Populism*, Nova York, St. Martin Press.
- BOOMGAARDEN, Hajo G. / Andreas SCHUCK / Matthijs ELENBAAS / Claes DE VREESE (2011): «Mapping EU Attitudes: Conceptual and Empirical Dimensions of Euroscepticism and EU Support», *European Union Politics*, 12:2, 241-266.
- CARTER, Elisabeth (2005): *The Extreme Right in Western Europe*, Manchester, NH, Manchester University Press.
- DE VRIES, Catherine (2007): «Sleeping Giant: Fact or Fairytale?: How European Integration Affects National Elections», *European Union Politics*, 8:3, 363-385.
- DE VRIES, Catherine / Erica EDWARDS (2009): «Taking Europe to its Extremes», *Party Politics*, 15: 1, 5-28.
- GREEN-PEDERSEN, Christopher (2007): «The Growing Importance of Issue Competition: The Changing Nature of Party Competition in Western Europe», *Political Studies*, 55, 607-628.
- GREEN-PEDERSEN, Christopher (2012): «A Giant Fast Asleep?: Party Incentives and the Politicization of European Integration», *Political Studies*, 60:1, 115-130.
- HAINSWORTH, Paul (1992): *The Extreme Right in Europe and the USA*, Nova York, St. Martin Press.
- HAINSWORTH, Paul (2007): *The Extreme Right in Western Europe*, Londres, Routledge.
- HENDERSON, Karen (2001): «Euroscepticism or Europhobia: Opposition Attitudes to the EU in the Slovak Republic», SEI Working Paper 50, Opposing Europe Research Network Paper 5.
- HENDERSON, Karen (2008): «Exceptionalism or Convergence?: Euroscepticism and Party Systems in Central and Eastern Europe», en Paul Taggart / Alex Szczerbiak (eds.), *Opposing Europe?: The Comparative Party Politics of Euroscepticism*, vol. 2, Oxford, Oxford University Press, 277-294.
- HIX, Simon / Christopher LORD (1997): *Political Parties in the European Union*, Londres, Macmillan Press Ltd.
- HOBOLT, Sara B. / Wouter VAN DER BRUG / Claes H. DE VREESE / Hajo G. BOOMGAARDEN / Malte C. HINRICHSSEN (2011): «Religious Intolerance and Euroscepticism», *European Union Politics*, 12:3, 359-379.
- HOOGHE, Liesbet / Gary MARKS / Carole WILSON (2004): «Does Left/Right Structure Party Positions on European Integration?», en Gary Marks / Marco R. Steenbergen (eds.), *European Integration and Political Conflict*, Cambridge, Cambridge University Press, 120-140.
- HOOGHE, Liesbet / Gary MARKS (2008): «A Postfunctional Theory of European Integration: From Permissive Consensus to Constraining Dissensus», *British Journal of Political Science*, 39, 1-23.
- HOOGHE, Liesbet / Ryan BAKKER / Anna BRIGEVICH / Catherine DE VRIES / Erica EDWARDS / Gary MARKS / Jan ROVNY / Marco STEENBERGEN / Milada VACHUDOVA (2010). «Reliability and Validity of Measuring Party Positions: The Chapel Hill Expert Surveys of 2002 and 2006», *European Journal of Political Research*, 4, 684-703.
- IGNAZI, Piero (2004): *Extreme Right Parties in Western Europe*, Oxford, Oxford University Press.
- IVALDI, Giles (2004): *Droites populistes et extrêmes en Europe occidentale*, París, La Documentation française.
- KITSCHOLT, Herbert / Anthony MCGANN (1995): *The Radical Right in Western Europe: A Comparative Analysis*, Ann Arbor, University of Michigan Press.

- KRIESI, Hanspeter (2007): «The Role of European Integration on National Election Campaigns», *European Union Politics*, 8:1, 83-108.
- KRIESI, Hanspeter / Edgar GRANDE / Romain LACHAT / Martin DOLEZAL / Simon BORNSCHIER / Timotheos FREY (2008): *West European Politics in the Age of Globalization*, Cambridge, Cambridge University Press.
- KOPECKY, Petr / Cas MUDDE (2002): «The Two Sides of Euroscepticism: Party Positions on European Integration in East Central Europe», *European Union Politics*, 3:3, 297-326.
- KROUWEL, André / Paul LUCARDIE (2008): «Waiting in the Wings: New Parties in the Netherlands», *Acta Politica*, 43, 278-307.
- LACHAT, Romain (2008): «The Electoral Consequences of the Integration-Demarcation Cleavage», en Hanspeter Kriesi / Edgar Grande / Romain Lachat / Martin Dolezal / Simon Bornschieer / Timotheos Frey (eds.), *West European Politics in the Age of Globalization*, Cambridge, Cambridge University Press, 296-319.
- MAIR, Peter / Cas MUDDE (1998): «The Party Family and its Study», *Annual Review of Political Science*, 1, 211-229.
- MARKS, Gary / Carole WILSON (2000): «The Past in the Present: A Cleavage Theory of Party Positions on European Integration», *British Journal of Political Science*, 30, 433-459.
- MARKS, Gary / Carole WILSON / Leonard RAY (2002): «National Political Parties and European Integration», *American Journal of Political Science*, 46:3, 585-594.
- MARKS, Gary / Marco R. STEENBERGEN (eds.) (2004): *European Integration and Political Conflict*, Cambridge, Cambridge University Press.
- MARKS, Gary / Liesbet HOOGHE / Moira NELSON / Erica EDWARDS (2006): «Party Competition and European Integration in the East and West. Different Structure, Same Causality», *Comparative Political Studies*, 39:2, 155-175.
- MATTILA, Mikko / Tapio RAUNIO (2006): «Cautious Voters – Supportive Parties: Opinion Congruence between Voters and Parties on the EU Dimension», *European Union Politics*, 7:4, 427-449.
- MEGUID, Bonnie (2005): «Competition among Unequals: The Role of Mainstream Party Strategy in Niche Party Success», *American Political Science Review*, 99, 347-359.
- MUDDE, Cas (2000): *The Ideology of the Extreme Right*, Manchester, Manchester University Press.
- MUDDE, Cas (2007): *Populist Radical Right Wing Parties in Europe*, Cambridge, Cambridge University Press.
- MUDDE, Cas (2010): «The Populist Radical Right: A Pathological Normalcy», *West European Politics*, 36:6, 1167-1186.
- MUDDE, Cas (2011): «Sussex v. North Carolina: The Comparative Study of Party-Based Euroscepticism», SEI Working Paper 121, EPERN Working Paper 23.
- NORRIS, Pippa (2005): *Radical Right: Parties and Electoral Competition*, Cambridge, Cambridge University Press.
- ODMALM, Pontus (2011): «Political Parties and “The Immigration Issue”: Issue Ownership in Swedish Parliamentary Elections 1991–2010», *West European Politics*, 34:5, 1070-1091.
- POPPER, Karl (2002): *Unended Quest: An Intellectual Autobiography*, Londres/Nova York, Routledge.
- RAY, Leonard (1999): «Measuring Party Orientation towards European Integration: Results from an Expert Study», *European Journal of Political Research*, 36, 283-306.
- RAY, Leonard (2003): «When Parties Matter: The Conditional Influence of Party Positions on Voter Opinion about European Integration», *Journal of Politics*, 65: 4, 978-994.

- RAUNIO, Tapio (2008): «Euroscepticism in Finland?», en Paul Taggart / Alex Szczerbiak (eds.), *Opposing Europe?: The Comparative Party Politics of Euroscepticism. Volume 1: Case Studies and Country Surveys*, Oxford, Oxford University Press, 168-180.
- RAUNIO, Tapio (2012): «Whenever the EU Is Involved, You Get Problems: Explaining the European Policy of the (True) Finns». SEI Working Paper 127, EPERN Working Paper 26.
- SNIDERMAN, Paul M. / Pier Angelo PERI / Rui J. P. DE FIGUEIREDO JR. / Thomas PIAZZA (2000): *The Outsider: Prejudice and Politics in Italy*, Princeton, NJ, Princeton University Press.
- STEENBERGEN, Marco / David SCOTT (2004): «Contesting Europe?: The Salience of European Integration as a Party Issue», en Gary Marks / Marco R. Steenbergen (eds.), *European Integration and Political Conflict*, Cambridge, Cambridge University Press, 165-192.
- STEENBERGEN, Marco / Erica EDWARDS / Catherine DE VRIES (2007): «Who is Cueing Whom? Mass-Elite Linkages and the Future of European Integration», *European Union Politics*, 8:1, 13-35.
- TAGGART, Paul (1995): «New Populist Parties in Western Europe», *West European Politics*, 18:1, 34-51.
- TAGGART, Paul (1998): «A Touchstone of Dissent: Euroscepticism in Contemporary Western European Party Systems», *European Journal of Political Research*, 33, 363-388.
- TAGGART, Paul / Aleks SZCZERBIAK (eds.) (2008): *Opposing Europe? The Comparative Party Politics of Euroscepticism. Volume 1: Case Studies and Country Surveys*, Oxford, Oxford University Press.
- VAN DER EIJK, Cees / Mark FRANKLIN (2004): «Potential for Contestation on European Matters at National Elections in Europe», en Gary Marks / Marco R. Steenbergen (eds.), *European Integration and Political Conflict*, Cambridge, Cambridge University Press, 32-50.
- VOSSEN, Koen (2010): «Populism in the Netherlands after Fortuyn: Rita Verdonk and Geert Wilders Compared», *Perspectives on European Politics and Society*, 11: 1, 22-38.
- WAGNER, Markus (2012): «When Do Parties Emphasise Extreme Positions? How Strategic Incentives for Policy Differentiation Influence Issue Importance», *European Journal of Political Research*, 51:1, 64-88.